



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 30 DE MAIO DE 2024

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE 25-04-2024 E SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 14-05-2024.....	2
2.- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) DON AARON CURBEIRA MARTÍNEZ.....	4
3. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA ASOCIACIÓN EUROEUME.....	5
4. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 10/2024 MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.....	6
5.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: POLÍTICAS DE IGUALDADE.....	16
6. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: ARRANXO E CESIÓN DE USO DO EDIFICIO DO ANTIGO "CASINO".....	19
7.- DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA Nº 238/2024 de 06/05/2024, DE APROBACIÓN DO PROXECTO (MOD 1) APARCAMIENTO EN SANTIAGO DE BOEBRE PONTEDEUME DE DATA 17.04.2024 INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024...22	22
8.- DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA Nº 251/2024 de 13/05/2024, DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS NO CAMIÑO DE VELIÑO EN CENTROÑA DE DATA 17.04.2024 INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024.....	26
9.- DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DE RESUMEN ANUAL DE CONTROL INTERNO 2023.....	30
10.- DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL. 1º TRIMESTRE 2024.....	31
11.- ASUNTOS DE URXENCIA.....	31
12.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.....	32
13.- MOCIÓNS URXENTES.....	36
13.1.- MOCIÓN DO BNG PARA INFORMAR A VECIÑANZA DAS OBRAS NA PONTE DE PEDRA E DAS POSIBLES CONSECUCIÓNS NA VIDA COTIÁ NOS PRÓXIMOS ANOS.....	36
10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	41
10.1.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG.....	41
9.2.- ROGOS FORMULADOS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG.....	44
9.3.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP.....	45
9.4.- ROGOS FORMULADOS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP.....	45
REMATE DA SESIÓN.....	46
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	46





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 30 DE MAIO DE 2024

#### ASISTENTES:

##### Presidente:

D. José Simoes Couceiro (*delegación conferida por Decreto 284/2024, de 29 de maio*)

##### Concelleiros/as:

D<sup>a</sup> María Rosario Huertas Garabana. (PSdeG-PSOE).

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE)

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Luis Pena Mosquera (BNG)

D. Aaron Martínez Cubeira (BNG)  
(*Incorporase á sesión dende a súa toma de posesión, punto 2 da orde do día*)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D<sup>a</sup> Montserrat Pico Rodeiro( PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e tres minutos do día trinta de maio de dous mil vinte e catro, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente en funcións, don José Simoes Couceiro (*delegación conferida por Decreto 284/2024, de 29 de maio*)

Foron asistidos pola Secretaria municipal e o Interventor accidental

##### A Secretaria municipal:

D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos

##### O Interventor accidental

D. José Luis Sande Vázquez

##### NON ASISTEN:

D. Bernardo Fernández Piñeiro (PSdeG-PSOE)

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

### 1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE 25-04-2024 E SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 14-05-2024

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia, que se transcribe a continuación:

#### **"PROPOSTA DE ACORDO**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES

Expediente TEdC: 2024/G006/0000131

Recibida polas persoas membro do Pleno, as copias dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA DE 25.04.2024**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 14.05.2024**

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA DE 25.04.2024** (borrador asinado o día 24.05.2024)  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 14.05.2024** (borrador asinado o día 23.05.2024)

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a votación por separado os borradores das actas

Sométese a votación o borrador da acta da sesión ordinaria do Pleno de día 25.04.2024, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes; o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA DE 25.04.2024** (borrador asinado o día 24.05.2024)

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sométese a votación o borrador da acta da sesión extraordinaria do Pleno de día 14.05.2024, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera e D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro, e **UNHA ABSTENCIÓNS** do concelleiro do grupo municipal do





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BNG (1) D. Luis Pena Mosquera, por non estar presente na sesión que se somete a aprobación; o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** *Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:*

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 14.05.2024** (borrador asinado o día 23.05.2024)

**SEGUNDO.-** *Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.*

### 2.- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) DON AARON CURBEIRA MARTÍNEZ

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

#### **TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG). MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.**

(Expediente TEDeC: 2019/X999/000225-2020/G006/000011)

*Tendo en conta que no Pleno ordinario celebrado o día 25.04.2024, tomouse razón da renuncia ao cargo de concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona Rocío Souto Torre, solicitándose á Xunta Electoral Central a credencial acreditativa da condición de electo do candidato seguinte na lista presentada pola formación sinalada nas últimas eleccións locais, don Manuel Aaron Curbeira Martínez.*

*Tendo en conta que constan no expediente a credencial expedida pola Xunta Electoral Central e as declaracións de bens, actividades e posibles causas de incompatibilidade de don Manuel Aaron Curbeira Martínez, debidamente inscritas no Rexistro de intereses da Corporación, dando cumprimento aos artigos 75 da LBRL e 182 da LOREG.*

*De acordo co disposto no RD 707/79, que regula as fórmulas para a toma de posesión dos cargos ou funcións públicas, procede efectuar xuramento ou promesa persoal do cargo.*

*Procédese a partir de este momento á toma de posesión do concelleiro previo xuramento ou promesa do seu cargo"*

Don Aaron Curbeira Martínez di: *Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Ponte deume e do Pobo Traballador Galego*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 3. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA ASOCIACIÓN EUROEUME

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 27.05.2024, que se transcribe a continuación:

**«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO**

**SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 27 DE MAIO DE 2024**

**EXPDTE: 2024/G012/000010**

### 4.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA ASOCIACIÓN EUROEUME

Consta proposta de alcaldía que se transcribe a continuación:

**“PROPOSTA DE ACORDO**

**NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA ASOCIACIÓN EUROEUME**

**EXPDTE 2023/X999/000121 - 2024/G006/000117**

Tendo en conta o acordo do Pleno do Concello de Ponte deume, de data 27 de xullo de 2000, de **“III. INCORPORACIÓN Á ASOCIACIÓN EUROEUME E COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA LEADER PLUS”**, cuxo contido se transcribe, en estrato:

*“1º Solicitar da Presidencia de Euroeume a aceptación deste Concello como socio de pleno dereito da mesma, asumindo a obriga de acatar os seus fins estatutarios e pagar as cotas anuais de socio correspondente.  
...//...”*

Logo de ver o acordo do Pleno do Concello, na sesión de organización celebrada o día mércores 28 de xuño de 2023 relativo a **“3.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS COMPETENCIA DO PLENO”**, no que non foi incluído representante para a Asociación Euroeume.

De conformidade co disposto no artigo 38.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Alcaldía Presidencia, en relación co nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados competencia do Pleno, propón ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Nomear representante do Concello na Asociación Euroeume ao Sr. alcalde e como suplente a dona. Ángela Piñeiro Carrera.

**SEGUNDO.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de Anuncios municipal.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**TERCEIRO.-** Dar traslado do contido do presente acordo á Asociación Euroeume.”

A presidencia abre a quenda para o debate

...//....

Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA DE 5 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeGPSOE(5): , D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D. Alejandra Bellón Tenreiro e D. Joshua Dopico López; e **DÚAS ABSTENCIÓNS**, e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG (1) D. Luis Pena Mosquera e do concelleiro do Grupo Municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 8 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera e D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; e **4 ABSTENCIÓNS**, dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2) D. Luis Pena Mosquera e D. Aaron Curbeira Martínez, e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Nomear representante do Concello na Asociación Euroeume ao Sr. alcalde e como suplente a dona. Ángela Piñeiro Carrera.

**SEGUNDO.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de Anuncios municipal.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do contido do presente acordo á Asociación Euroeume.

### 4. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 10/2024 MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda de 27.05.2024, que se transcribe a continuación:

#### “DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DO PLENO”

**SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 27 DE MAIO DE 2024**

**EXPDTE: 2024/G012/000011**

#### 4.- ASUNTOS DE URXENCIA





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A secretaria accidental indica que se presenta para a comisión a seguinte proposta fóra da orde do día, e indica que hai que proceder a votación da urxencia do mesmo para incluíla na orde do día.

### **Modificación de crédito número 10. Crédito extraordinario e suplemento de crédito.**

Sométese a votación á urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA, POR MAIORÍA DE 5 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE(5), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, e **2 ABSTENCIÓNS**; do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D Luis Pena Mosquera; e da concelleira do grupo municipal do PP (1), D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro.

### **4.1.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 10. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.-**

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

**Expediente TEdC:** 2024/G006/000130 relacionado co 2024/T002/000010

*De conformidade co previsto nos artigos 82.3.e e 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en relación coa modificación de crédito número 10/2024 na modalidade de crédito extraordinario e de suplemento de crédito, co fin de incluílo na Orde do Día da próxima sesión plenaria que se convoque,*

*Visto o expediente tramitado que consta de Providencia da Alcaldía, Memoria da Alcaldía e os informes de Intervención de referencia 180 e 181/2024,*

*Visto que da liquidación do orzamento de 2023, aprobada mediante mediante Resolución da Alcaldía número 64/2024, de 21/02/2024, resultou un remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado de 236.566,84 euros e para gastos xerais de 1.526.084,87 euros.*

*Visto que no expediente de modificación de créditos número 1, modalidade de incorporación de remanentes número 1, aprobado por Resolución da Alcaldía número 70/2024, de 23/02/2024, utilizouse en parte o remanente de tesourería para gasto con financiamento afectado, concretamente por importe de 233.254,69 euros e tamén o remanente de tesourería para gastos xerais, por importe de 134.076,77 euros*

*Vista a Memoria da Alcaldía que se xunta ao expediente, xustificativa da modificación proposta, por importe total de 1.391.757,90 euros,*

*Visto que o destino do dito remanente (superávit) vén regulado no artigo 32 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF), no que se establece a obrigatoriedade de destinar o superávit da liquidación a reducir endebedamento ou, alternativamente, aos destinos previstos na Disposición Adicional Sexta do Real decreto*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e sendo que este Concello non ten débeda con entidades financeiras,

Visto que este Concello, ao non ter débeda financeira, está fóra do ámbito de aplicación das ditas medidas,

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.**- Que se aprobe a modificación de crédito por importe total de **780.644,82 euros**, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais na modalidade de crédito extraordinario de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONC.	CONTÍA
Urbanismo. Estudos e traballos técnicos. Tasacións	2024/4/MV/5	150.22706	3.000	87000	780.644,82
Urbanismo. Adquisición terrenos	2024/2/MV/5	150.60000	100.000		
Urbanismo. Mobiliario urbano	2024/4/MV/2	150.62500	26.420,69		
Urbanismo. Equipos procesos información	2024/4/MV/17	150.62600	3.000		
Urbanismo. Estudos e traballos técnicos	2024/5/MV/5	151.22706	17.500		
Pavimentación vías públicas. Mantemento infraestruturas		1531.21000	8.000		
Alcantarillado. Reposición infraestruturas. Suministro bombas depuradora Ombre	2024/4/MV/3	160.61900	17.500		
Alcantarillado. Reposición infraestruturas. Renovación abastecemento, saneamento e pluviais Avda. Ferrol	2024/4/MV/7	160.61900	48.113,69		
Cemiterios. Edificios. Impermeabilización cuberta Cemiterio municipal de Breamo	2024/4/MV/12	164.63200	43.061,32		
Alumeado público. Infraestruturas. Renovación alumeado Rúa Eduardo Pondal, Boavista e los Rosales	2024/4/MV/14	165.61900	47.207,96		
Traballos varios edificios. Escola infantil	2024/3/JY/3	3232.63200	15.466,22		
Cultura. Equipos procesos información	2024/4/MV/17	334.62600	1.100		
Cultura. Subvencións	2024/5/MV/5	334.48001	7.655,62		
Deportes. Equipos procesos información	2024/4/MV/17	340.62600	2.000		
Deportes. Infraestruturas. Parque de Calistenia	2024/4/MV/11	342.60900	32.396,28		
Deportes. Infraestruturas. Melloras instalación deportivas	2024/4/MV/15	342.61900	32.658,43		







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Deportes. Maquinaria, instalacións e utillaxe. Máquinas piscina e pavillón	2024/4/MV/4	342.62300	17.390,07		
Instalacións deportivas. Edificios. Rehabilitación piscina municipal	2024/4/MV/ 13	342.63200	302.760,8 6		
Órganos de goberno. Equipos procesos de información	2024/4/MV/ 17	912.62600	1.500		
Administración. Edificios. Reparación cubertas Concello e Centro de maiores	2024/4/MV/ 10	933.63200	51.913,68		
Administración da tesourería. Equipos procesos de información	2024/4/MV/ 17	934.62600	2.000		
			780.644,8 2		

**SEGUNDO.-** Que se aprobe a modificación de crédito por importe total de **611.113,08 euros**, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais na modalidade de suplemento de crédito de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCON C.	CONTÍA
Policía local. Equipos procesos información	2024/4/MV/17	132.62600	1.500	87000	611.113,08
Ordenación do tráfico e do estacionamento. Estudos e traballos técnicos	2024/5/MV/4	133.22706	6.400		
Ordenación do tráfico e estacionamento. Infraestruturas. Pilonas automáticas	2024/4/MV/1	133.60900	16.200,00		
Ordenación do tráfico e estacionamento. Infraestruturas. Aparcamento en Santa María de Ombre	2024/4/MV/8	133.60900	101.229,8 1		
Ordenación do tráfico e estacionamento. Infraestruturas. Aparcamento rúa Empedrado	2024/4/MV/9	133.60900	50.602,53		
Ordenación do tráfico e estacionamento. Infraestruturas.	2024/2/LH/1	133.60900	3.214,91		
Acceso a núcleos población. Estudos e traballos técnicos	2024/5/MV/2	1531.22706	5.000		
Urbanismo. Infraestruturas. Camino velliño	2024/2/LH/2	1531.61900	2.771,37		
Pavimentación vías públicas. Estudos e traballos técnicos	2024/5/MV/3	1532.22706	13.250		
Pavimentación vías públicas. Infraestruturas. Pavimentación de camiños en	2024/4/MV/16	1532.61900	49.982,21		





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Breamo, Cabría y A Regueira				
Pavimentación vías públicas. Infraestructuras Pista Figueirido Nogueirosa		1532.61900	21.940,65	
Proxecto control arqueolóxico Rúa do Picho	2022/5/MV/6	1532.61900	1.694	
Liquidación obra Pav. Rúa Valeriano Villanueva	2022/5/MV/5	1532.61900	4.807	
AGADER 24-25. Pavimentación vías públicas	2024/2/LC/1	1532.61900	3.940,83	
Alcantarillado. Estudos e traballos técnicos	2024/5/MV/5	160.22706	5.000	
Alcantarillado. Infraestructuras. Ampliación Rede saneamento en Vizús	2024/4/MV/6	160.60900	30.399,31	
Alcantarillado. Nogueirosa	2023/2/LH/1	161.61900	3.555,22	
Aluguer maquinaria. Limpeza viaria		163.20300	10.000	
Escola infantil. Subvencións concesión	2024/3/JY/3	3232.47200	11.000	
Escola infantil, Mantemento edificios	2024/3/JY/3	3232.21200	6.000	
Escola infantil, Mantemento instalacións, utillaxe	2024/3/JY/3	3232.21300	2.600	
Biblioteca. Equipos procesos información	2024/4/MV/17	3321.62600	1.900	
Cultura. Alugueros		334.20300	18.000	
Cultura. Traballos realizados por outras empresas		334.22799	26.500	
Cultura. Talleres culturais		334.22711	5.800	
Cantina paseo marítimo	2020/2/MB/2	337.62200	2.245,24	
Festas populares e festexos. alugueros		338.20500	13.500	
Festas populares e festexos. Traballos realizados por outras empresas		338.22799	28.000	
Festas populares e festexos. actividades		338.22609	15.000	
Subvencións festas populares	2024/5/MV/5	338.48001	7.080	
Deportes. Publicidade e propaganda		341.22602	2.000	
Deportes. Actividades		341.22730	12.000	
Deportes. Subvencións	2024/5/MV/5	341.48001	40.000	
Deportes. Traballos realizados por outras empresas		342.22799	15.000	
Mercado. Publicidade e propaganda		4312.22602	11.500	
Mercado. Traballos realizados por		4312.22799	23.000	





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

outras empresas					
Turismo. Traballos realizados por outras empresas		4321.22799	25.000		
Administración Xeral. Equipos procesos de información	2024/4/MV/17	920.62600	6.000		
Administración política financeira. Estudos e traballos técnicos		931.22706	7.500		
			611.113,08		

**SEGUNDO.-** Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor, considerando o interés xeral que se vai derivar da tramitación deste expediente toda vez que permitirá habilitar crédito para atender gastos inaprazables e urxentes.

A presidencia abre a quenda para o debate

...//....

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA DE 6 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeGPSOE(5): , D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera e Don Isaac Alejandro García Otero; e da concelleira do Grupo Municipal do PP (1), D<sup>a</sup> Montserrat Pico Rodeiro; e 1 **ABSTENCIÓNS** do concelleiro do Grupo Municipal do BNG (1) D. Luis Pena Mosquera.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Daniel Ríos Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE**, para indicar que o remanente positivo de tesouraría por importe 1.526.084,87, ao cal se lle resta o remanente afectado, da que queda unha cantidade de 780.644,82 euros para un crédito extraordinario e unha cantidade de 611.113,08 € para un suplemento de crédito; cantidades que se destinarán a, entre outras cousas, a compra de dúas bombas para depuradora municipal de Ombre, renovación das máquinas de fitness para o pavillón municipal, unha partida para compra de solares, obras como saneamento en Avda. Ferrol, aparcadoiros en Ombre e rúa Empredrado, reparación cuberta da Casa do Concello e do Centro de Maiores, un parque de calistenia, impermeabilización cemiterio municipal de Breamo, 1<sup>a</sup> fase de rehabilitación da piscina municipal, a renovación do alumeadado públicos en Eduardo Pondal, Boa Vista e os Rosales, mellora das instalación deportivas da pista de padel e pista 3x3, pavimentación de camiños en Breamo, Cabría e a Regueira, así como unha cantidade destinada a complementar a subvención do Agader, vía de servizo Campo de San Cosme.

Continúa dicindo que citou algunha das actuacións que aparecen no expediente e que o informe do departamento de Intervención municipal é favorable para a tramitación destes expedientes.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do Grupo Municipal do PP**, para preguntar en que consisten as obras da 1ª fase de rehabilitación da piscina municipal.

Responde **don Daniel Ríos Fernández**, que na 1ª fase vai a impermeabilización de toda a cuberta e unha redistribución dos espazos da planta baixa da piscina. Indica que está o proxecto a disposición da concelleira.

Pregunta **dona Montserrat Pico Rodeiro** pola partida de 14.000 euros para máquinas.

Responde **don Daniel Ríos Fernández**, que por unha banda está a fase de obras e logo a fase de subministro de novas máquinas para a piscina municipal por valor de 17.390,07 euros.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG**, que indica que quere facer algunhas preguntas para resolver certas dúbidas, pregunta sobre a partida de 100.000,00 euros de adquisición de terreos que lle parece unha cantidade moi redonda, quere saber para que se destinan; porque segundo os datos que se lles presentaron, o equipo de goberno está a traer ao pleno unha modificación de crédito para algo que non saben a "*ciencia certa*" para que é.

Responde **don Daniel Ríos Fernández**, para indicar que aínda se están negociando cos propietarios dos terreos a súa adquisición, de ahí o importe tan redondo, que prefiren ser cautos porque hai que comprobar que a documentación que teñen os propietarios sexa válida para a súa venda. Continúa dicindo que o equipo de goberno si sabe que terreos son e que seguen negociando esas compras.

Continua preguntando **don Luis Pena Mosquera**, pola partida económica de 32600 euros de deportes, infraestruturas e mellora de instalacións deportivas.

Responde **don Daniel Ríos Fernández**, que nesa partida se inclúe a pista 3x3, que hai un informe dos técnicos municipais que indican que hai que reter o aval ao contratista adjudicatario por deficiencias na construción; polo que unha parte da cantidade indicada vai destinada a pavimentación de novo da pista 3x3 xunto co aval; e outra parte da partida vai ir destinada á arranxar a pista de padel porque presenta carencias en canto a lona que a rodea, e os técnicos municipais indican que a mellor solución é unha chapa metálica na zona máis venteada e a reparación da lona.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera**, para preguntar, cando o goberno ten pensado implementar unha forma de pago polo uso desas instalacións, cartos que se poderían destinar ao mantemento das mesmas.

Responde o **Sr. Ríos Fernández**, que está de acordo co indicado polo **Sr. Pena**, que xa hai xestións entre o banco e o departamento de tesouraría municipal para crear unha pasarela de pagamento do uso desas instalacións.

Pregunta **don Luis Pena Mosquera**, para que se destinaran os cartos que figuran no apartado de Deportes, subvención, 40.000 euros e se van ir destinadas as entidades deportivas e que motiva esta asignación.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Responde o **Sr. Ríos Fernández** que foi un compromiso do equipo de goberno coas entidades deportivas derivado da situación do Covid-2020 de incrementar esa partida.

Continúa falando **don Luis Pena Mosquera**, para comentar uns aspectos sobre o informe da intervención municipal, que aínda que é favorable hai algunha observación a que a memoria de alcaldía é pouco xustificada; e que hai un risco de incumprimento da estabilidade orzamentaria unha vez se liquide o orzamento de 2024. Continúa dicindo que o seu voto vai se a abstención.

Toma a palabra o **Sr. Ríos Fernández** para indicar que na parte de subministros o importe vai exacto en relación aos gastos que se van ter, na parte de obras hai unha memoria valorada de cada obra coa inclusión dos importes de dirección de obra, do coordinador e da calidade; todo está xustificado, e reitera que so a partida de adquisición de terreos está incompleta polos motivos que explicou anteriormente. En canto ao risco de incumprimento da estabilidade orzamentaria indica que intentarían que iso non ocorra.

Sen intervencións sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera e D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro; e **2 ABSTENCIÓNS**, dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2) D. Luis Pena Mosquera e D. Aaron Curbeira Martínez o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Que se aprobe a modificación de crédito por importe total de **780.644,82 euros**, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais na modalidade de crédito extraordinario de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONC.	CONTÍA
Urbanismo. Estudos e traballos técnicos. Tasacións	2024/4/MV/5	150.22706	3.000	87000	780.644,82
Urbanismo. Adquisición terrenos	2024/2/MV/5	150.60000	100.000		
Urbanismo. Mobiliario urbano	2024/4/MV/2	150.62500	26.420,69		
Urbanismo. Equipos procesos información	2024/4/MV/17	150.62600	3.000		
Urbanismo. Estudos e traballos técnicos	2024/5/MV/5	151.22706	17.500		
Pavimentación vías públicas. Mantemento infraestruturas		1531.21000	8.000		
Alcantarillado. Reposición infraestruturas. Suministro bombas depuradora Ombre	2024/4/MV/3	160.61900	17.500		
Alcantarillado. Reposición infraestruturas. Renovación abastecemento, saneamento e pluviais Avda. Ferrol	2024/4/MV/7	160.61900	48.113,69		



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Cemiterios. Edificios. Impermeabilización cuberta Cemiterio municipal de Breamo	2024/4/MV/ 12	164.63200	43.061,32		
Alumeado público. Infraestruturas. Renovación alumeado Rúa Eduardo Pondal, Boavista e los Rosales	2024/4/MV/ 14	165.61900	47.207,96		
Traballos varios edificios. Escola infantil	2024/3/JY/3	3232.63200	15.466,22		
Cultura. Equipos procesos información	2024/4/MV/ 17	334.62600	1.100		
Cultura. Subvencións	2024/5/MV/5	334.48001	7.655,62		
Deportes. Equipos procesos información	2024/4/MV/ 17	340.62600	2.000		
Deportes. Infraestruturas. Parque de Calistenia	2024/4/MV/ 11	342.60900	32.396,28		
Deportes. Infraestruturas. Melloras instalación deportivas	2024/4/MV/ 15	342.61900	32.658,43		
Deportes. Maquinaria, instalacións e utillaxe. Máquinas piscina e pavillón	2024/4/MV/4	342.62300	17.390,07		
Instalacións deportivas. Edificios. Rehabilitación piscina municipal	2024/4/MV/ 13	342.63200	302.760,8 6		
Órganos de goberno. Equipos procesos de información	2024/4/MV/ 17	912.62600	1.500		
Administración. Edificios. Reparación cubertas Concello e Centro de maiores	2024/4/MV/ 10	933.63200	51.913,68		
Administración da tesourería. Equipos procesos de información	2024/4/MV/ 17	934.62600	2.000		
			780.644,8 2		

**SEGUNDO.-** Que se aprobe a modificación de crédito por importe total de **611.113,08 euros**, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais na modalidade de suplemento de crédito de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCON C.	CONTÍA
Policía local. Equipos procesos información	2024/4/MV/17	132.62600	1.500	87000	611.113,08
Ordenación do tráfico e do estacionamento. Estudos e traballos técnicos	2024/5/MV/4	133.22706	6.400		
Ordenación do tráfico e estacionamento. Infraestruturas. Pilonas automáticas	2024/4/MV/1	133.60900	16.200,00		





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Ordenación do tráfico e estacionamento. Infraestruturas. Aparcamento en Santa María de Ombre	2024/4/MV/8	133.60900	101.229,81		
Ordenación do tráfico e estacionamento. Infraestruturas. Aparcamento rúa Empedrado	2024/4/MV/9	133.60900	50.602,53		
Ordenación do tráfico e estacionamento. Infraestruturas.	2024/2/LH/1	133.60900	3.214,91		
Acceso a núcleos población. Estudos e traballos técnicos	2024/5/MV/2	1531.22706	5.000		
Urbanismo. Infraestruturas. Camino veliño	2024/2/LH/2	1531.61900	2.771,37		
Pavimentación vías públicas. Estudos e traballos técnicos	2024/5/MV/3	1532.22706	13.250		
Pavimentación vías públicas. Infraestruturas. Pavimentación de camiños en Breamo, Cabría y A Regueira	2024/4/MV/16	1532.61900	49.982,21		
Pavimentación vías públicas. Infraestruturas Pista Figueirido Nogueirosa		1532.61900	21.940,65		
Proxecto control arqueolóxico Rúa do Picho	2022/5/MV/6	1532.61900	1.694		
Liquidación obra Pav. Rúa Valeriano Villanueva	2022/5/MV/5	1532.61900	4.807		
AGADER 24-25. Pavimentación vías públicas	2024/2/LC/1	1532.61900	3.940,83		
Alcantarillado. Estudos e traballos técnicos	2024/5/MV/5	160.22706	5.000		
Alcantarillado. Infraestruturas. Ampliación Rede saneamento en Vizús	2024/4/MV/6	160.60900	30.399,31		
Alcantarillado. Nogueirosa	2023/2/LH/1	161.61900	3.555,22		
Aluguer maquinaria. Limpeza viaria		163.20300	10.000		
Escola infantil. Subvencións concesión	2024/3/JY/3	3232.47200	11.000		
Escola infantil, Mantemento edificios	2024/3/JY/3	3232.21200	6.000		
Escola infantil, Mantemento instalacións, utillaxe	2024/3/JY/3	3232.21300	2.600		
Biblioteca. Equipos procesos información	2024/4/MV/17	3321.62600	1.900		
Cultura. Alugueres		334.20300	18.000		
Cultura. Traballos realizados por outras empresas		334.22799	26.500		
Cultura. Talleres culturais		334.22711	5.800		



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Cantina paseo marítimo	2020/2/MB/2	337.62200	2.245,24		
Festas populares e festexos. alugueres		338.20500	13.500		
Festas populares e festexos. Traballos realizados por outras empresas		338.22799	28.000		
Festas populares e festexos. actividades		338.22609	15.000		
Subvencións festas populares	2024/5/MV/5	338.48001	7.080		
Deportes. Publicidade e propaganda		341.22602	2.000		
Deportes. Actividades		341.22730	12.000		
Deportes. Subvencións	2024/5/MV/5	341.48001	40.000		
Deportes. Traballos realizados por outras empresas		342.22799	15.000		
Mercado. Publicidade e propaganda		4312.22602	11.500		
Mercado. Traballos realizados por outras empresas		4312.22799	23.000		
Turismo. Traballos realizados por outras empresas		4321.22799	25.000		
Administración Xeral. Equipos procesos de información	2024/4/MV/17	920.62600	6.000		
Administración política financeira. Estudos e traballos técnicos		931.22706	7.500		
			611.113,08		

**SEGUNDO.-** Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor, considerando o interese xeral que se vai derivar da tramitación deste expediente toda vez que permitirá habilitar crédito para atender gastos inaprazables e urxentes.

### 5.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: POLÍTICAS DE IGUALDADE

Toma a palabra a concelleira portavoz do partido municipal do PSdeG-PSOE, dona **Alejandra Bellón Tenreiro**, que da lectura á moción presentada:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*O mércores 24 de abril de 2024 publicouse no DOG o DECRETO 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellarías da Xunta de Galicia.*

*Sorprendentemente, decatámonos de que fora eliminada a Secretaría Xeral de Igualdade e substituída por dúas direccións Xerais: Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e Dirección Xeral de Promoción da Igualdade.*







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Desde o Concello de Ponte deume estamos fundamente preocupados xa que entendemos que este cambio no organigrama do goberno, que relega a categoría de Dirección Xeral as políticas de igualdade, vén a seguir o mesmo camiño que levan outras CC.AA de degradación das políticas de igualdade en colaboración cos seu socios de VOX.*

*En Galicia o menosprezo ao papel da loita contra a igualdade comezou baixo a presidencia de Feijóo suprimindo o Servizo Galego de Igualdade no ano 2010, e acaba de culminalo o señor Rueda.*

*En primeiro lugar, quitándolle o rango de Secretaría Xeral ás políticas de Igualdade; en segundo lugar, desligando ás políticas de igualdade da loita contra a violencia de xénero, dando a entender, que a orixe desta violencia non é o machismo, a ausencia de igualdade entre mulleres e homes.*

*Este novo organigrama sumado á dependencia das políticas de igualdade da Consellería de Política Social, que nos devolve a unha visión totalmente asistencialista, carente da necesaria abordaxe integral das discriminacións por razón de xénero, fainos retroceder máis de dúas décadas na concepción das políticas de igualdade, defendendo así as mesmas teses que os seus socios de extrema dereita.*

*Desde o Concello de Ponte deume entendemos que a loita pola igualdade entre mulleres e homes ten que ser prioritaria e transversal a toda a actuación política, tendo en conta que da implementación das actuacións en materia de igualdade depende que se remate coa discriminación da metade da poboación de Galicia.*

*É por iso polo que defendemos que un proxecto de Goberno do século XXI ten que incluír a igualdade como eixo vertebrador da súa actuación que, ademais, se estenda de forma transversal ao resto de políticas.*

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Ponte deume presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:*

*O Concello de Ponte deume insta a Xunta de Galicia:*

- 1. Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes sexan eixo vertebrador e transversal das políticas do Goberno galego.*
- 2. Que, cando menos, se lle devolva o rango Secretaría Xeral que tiñan as políticas de igualdade entre mulleres e homes.*
- 3. Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes e o seu órgano superior e de dirección dependan da Presidencia da Xunta de Galicia para garantir a súa aplicación transversal e integral.*
- 4. Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero volvan a estar integradas no mesmo órgano superior e de dirección."*

*Continúa dicindo a **Sra. Bellón** que a Xunta de Galicia ten a competencia e a potestade para organizar as súas secretarías e direccións pero orzamentariamente hai que asegurar que se van a manter todas as axudas e intervención nesta materia; pero coa nova estrutura pensan que se perden os rangos nunha materia moi importante e sobre todo a transversabilidade xa que dende unha dirección é moi difícil*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, portavoz do grupo municipal do BNG** para indicar que aínda que é unha moción que non afecta directamente a veciñanza, pero si é importante para a vida en xeral dun país como Galicia, indica que eran descoñecedores desta división, como grupo municipal o que lles interesa son os as políticas de verdade e os resultados, e que se integren nun órgano superior significa darlles máis importancia política, polo que indica que o seu voto vai ser a favor.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo Municipal do PP**, para dicir que a creación das dirección xerais non quere dicir que se vaia traballar menos, senón que a Xunta xa manifestou que se ía traballar con maior intensidade, xa ten un grande compromiso pola loita da igualdade e contra da violencia de xénero demostrado ao longo dos anos. Indica que o seu voto será en contra agás o punto número 1 da moción que si o votarán a favor..

Toma a **palabra dona Alejandra Bellón Tenreiro do PSdG-PSOE**, para indicar que lle parece positivo que se vote a favor o punto número 1 pero seguen manifestando que as políticas de igualdade sexan eixo vertebrador e transversal con esta nova organización.

Sen máis intervencións, sométese por separado os puntos da moción a votación:

Sométese a votación o punto 1: Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes sexan eixo vertebrador e transversal das políticas do Goberno galego., quedando **ADOPTADO POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes, o **ACORDO** seguinte:

1. Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes sexan eixo vertebrador e transversal das políticas do Goberno galego.

Sométese a votación o punto 2: Que, cando menos, se lle devolva o rango Secretaría Xeral que tiñan as políticas de igualdade entre mulleres e homes, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera e D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2) D. Luis Pena Mosquera e D. Aaron Curbeira Martínez; e **2 VOTOS EN CONTRA**, do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro o **ACORDO** seguinte:

2. Que, cando menos, se lle devolva o rango Secretaría Xeral que tiñan as políticas de igualdade entre mulleres e homes





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sométese a votación o punto 3: Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes e o seu órgano superior e de dirección dependan da Presidencia da Xunta de Galicia para garantir a súa aplicación transversal e integral; quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera e D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2) D. Luis Pena Mosquera e D. Aaron Curbeira Martínez; e **2 VOTOS EN CONTRA**, do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro o **ACORDO** seguinte:

3. Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes e o seu órgano superior e de dirección dependan da Presidencia da Xunta de Galicia para garantir a súa aplicación transversal e integral

Sometese a votación o punto 4: Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero volvan a estar integradas no mesmo órgano superior e de dirección; quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera e D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2) D. Luis Pena Mosquera e D. Aaron Curbeira Martínez; e **2 VOTOS EN CONTRA**, do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro o **ACORDO** seguinte:

4. Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero volvan a estar integradas no mesmo órgano superior e de dirección

### 6. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: ARRANXO E CESIÓN DE USO DO EDIFICIO DO ANTIGO "CASINO"

Toma a palabra a **concelleira portavoz do partido municipal do PSdeG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro**, que da lectura á moción presentada:

#### "EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

*Ante a problemática que supón o abandono deste inmovible nunha zona de paseo e de paso frecuente de menores ao estar enfronte do parque infantil do Xardín de Lombardero o que implica, ademais do menoscabo da estética desta zona céntrica, un perigo para a seguridade dos peóns se as administracións titulares continúan no abandono das súas responsabilidades no que atinxe ao seu coidado.*

*A planta baixa, de 163m2, propiedade da Xunta de Galicia atópase abandonada hai décadas e fora de uso dende que desapareceu a oferta de hostalaría, presentando na actualidade un*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*deterioro incuestionable incluíndo cristais rotos que poden ser perigosos nunha zona de paso tan concurrida pola cidadanía. A veciñanza eumesa non pode gozar deste activo importante para o desenvolvemento urbano e cultural da localidade e a Xunta non fai uso algún deste inmovble.*

*Ante os intentos do Concello por chegar a un acordo coas dúas administracións propietarias e ante a negativa da Xunta de Galicia a aceptar o precio de valoración do inmovble posto de manifesto polo Ministerio, esixindo unha cantidade moi superior, demandamos a cesión de uso do mesmo.*

*Non podemos permitir que, nunha vila como a nosa con dificultades para atopar espazos axeitados para a grande urdirme cultural existente e con necesidades sociais crecentes, esta situación dun edificio público se prolongue no tempo .*

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Ponte deume presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes*

### ACORDOS:

*1. Instar ás administracións propietarias do edificio (Ministerio de Traballo, 1º andar e Xunta de Galicia planta baixa) á súa urxente rehabilitación exterior polo perigo que o seu estado implica para a veciñanza.*

*2. Solicitar formalmente á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Traballo a cesión de uso do coñecido como "Edificio do Casino" no Nº 9 da Avda. de Lombardero ao Concello de Ponte deume.*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Luís Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG**, para preguntar cal é a valoración que fai o Ministerio do edificio e a do Concello.

Responde **don Daniel Ríos Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE**, para indicar que o ministerio fixo unha valoración de 150.000 euros e a Xunta de Galicia unha contravaloración de 235.000 euros; e que o concello tifa unha valoración que rondaba os 100.000 euros

Toma a palabra o **Sr. Pena** para incidir nos puntos do acordo da moción, xa que no punto 1 só se reclama o arranxo do exterior do edificio, e considera que hai que pedir tamén o arranxo do interior, hai que pedir que rehabilitar o edificio na súa totalidade; e no segundo punto engadiría a cesión do uso ao concello unha vez rehabilitado; xa que se se cede no estado no que está, o concello asume responsabilidades polo que poda pasar dada a súa situación. Tamén sería necesario dar a coñecer o que suporía para as arcas municipais asumir a cesión deste edificio.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, portavoz do grupo municipal do PP**, para indicar que están de acordo coa moción e coa intervención do Sr. Pena; e pregunta a que se destinaría o edificio en caso de conseguir esa cesión.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Responde a **Sra. Bellón** para indicar que hai un tecido asociativo moi forte no Concello, saíndo cada vez mais asociacións e máis demanda de edificios, aínda hai unha coral que non ten lugar concreto para ensaiar; o propio concello ten necesidades como a biblioteca que se queda pequena, polo que poder contar cun espazo máis é positivo e logo valorárase por preferencia e maior necesidade o seu destino.

Continúa a **Sra. Bellón** para dicir que non hai problema por modificar a moción nos termos que indicou o Sr. Pena, concelleiro do BNG

Intervén o **Sr. Rodríguez** para dicir que van votar a favor da moción.

Intervén **don Luis Pena Mosquera, concelleiro do BNG**, para indicar que se podería mellorar o uso dos espazos, xa que igual é mellor levar unha xestión adecuada que non asignar locais a uns e outros; que os locais podan ser usados por distintas asociacións ou entidades.

Responde a **Sra. Bellón** que na actualidade os locais están compartidos para varias asociacións

Logo das intervencións, modifícanse "invoice" a parte resolutiva da moción, quedando está redactada como se transcribe a continuación:

### ACORDOS:

*1. Instar ás administracións propietarias do edificio (Ministerio de Traballo, 1º andar e Xunta de Galicia planta baixa) á súa urxente rehabilitación polo perigo que o seu estado implica para a veciñanza.*

*2. Solicitar formalmente á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Traballo a cesión de uso do coñecido como "Edificio do Casino" no Nº 9 da Avda. de Lombardero ao Concello de Ponte deume, unha vez rehabilitado.*

Sen máis intervencións, sométese a votación a moción enmendada, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte:

1. Instar ás administracións propietarias do edificio (Ministerio de Traballo, 1º andar e Xunta de Galicia planta baixa) á súa urxente rehabilitación polo perigo que o seu estado implica para a veciñanza.

2. Solicitar formalmente á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Traballo a cesión de uso do coñecido como "Edificio do Casino" no Nº 9 da Avda. de Lombardero ao Concello de Ponte deume, unha vez rehabilitado.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

7.- DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA Nº 238/2024 de 06/05/2024, DE APROBACIÓN DO PROXECTO (MOD 1) APARCAMIENTO EN SANTIAGO DE BOEBRE PONTEDEUME DE DATA 17.04.2024 INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024

A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

### **"PROPOSTA DACIÓN CONTA AO PLENO**

**DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA Nº 238/2024 de 06/05/2024, DE APROBACIÓN DO PROXECTO (MOD 1) APARCAMIENTO EN SANTIAGO DE BOEBRE PONTEDEUME DE DATA 17.04.2024 INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2024"**  
**Expediente: 2020/X999/000341-2024/G003/000252**

Logo de ver o acordo relativo á delegación de competencias do Pleno na Alcaldía Presidencia, adoptado en sesión ordinaria de 28 de xuño de 2023, cuxo contido se transcribe, estrato:

...//...

**QUINTO.-** Delegar no alcalde-presidente do concello o exercicio das seguintes atribucións de entre as que se indican no artigo 22, sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:

...//...

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros

...//..."

Tendo en conta o establecido no artigo 115 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales" (ROF), respecto ao "Régimen general de las delegaciones entre los órganos necesarios": "Si no se dispone otra cosa, el órgano delegante conservará las siguientes facultades en relación con la competencia delegada:

La de recibir información detallada de la gestión de la competencia delegada y de los actos o disposiciones emanados en virtud de la delegación

...//..."

Cumprindo cos preceptos anteriores, esta Alcaldía-Presidencia, propón ao Pleno do Concello:

**ÚNICO.-** A toma de razón do Decreto da Alcaldía 238/2024 de 06/05/2024, cuxo contido se transcribe:

**"Descrición decreto: EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO PROXECTO (MOD 1) APARCAMIENTO EN SANTIAGO DE BOEBRE PONTEDEUME DE DATA 17.04.2024 INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2024"**

**EXPEDIENTE Nº 2020/X999/000341**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

O Pleno do Concello de Ponte deume celebrado en sesión ordinaria o 7 de febreiro de 2024, adoptou o acordo relativo á “2. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLO) “POS+2024”, cuxo contido se transcribe, en estrato:

“PRIMEIRO.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2024” e con cargo á “achega provincial 2023”:

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:**

...//...

**B ) Financiamento de investimentos:**

...//...

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportada o deducible (só cando sexa deducible nos abastece m. auga potable)	Total Concello	
APARCAMIENTO EN SANTIAGO DE BOEBRE PONTEDEUME	79.613,52 €				79.613,52 €
PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVICIOS NO CAMIÑO DE VELIÑO EN CENTROÑA	69.758,33 €				69.758,33 €
<b>Subtotal</b>	<b>149.371,85€</b>				<b>149.371,85€</b>





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<b>investimentos achega provincial 2023</b>					
---	--	--	--	--	--

Tendo en conta o contido do punto 5 das “Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2024 (BOP nº 227 de 28.11.2023):

“...//...”

A documentación administrativa e técnica será revisada por esta deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada. A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude deberá realizarse polo Pleno do concello, mentres que as dos proxectos das obras ou pregos das subministracións realizarase polo Pleno ou por outro órgano competente do concello, de acordo co seu carácter substancial ou non.

...//...”

Á vista do requirimento da Deputación da Coruña, Servizo de Xestión de Plans, de data 10/04/2024, polo que se comunica o informe desfavorable ao proxecto correspondente ao investimento “**Aparcamiento en Santiago de Boebre Ponte deume**”

Tendo en conta o **proxecto modificado nº1, “Aparcamiento en Santiago de Boebre Ponte deume”** documento con rexistro de entrada nº 202499900000734 de 17/04/2024, asinado dixitalmente polo enxeñeiro autor do proxecto Paulo Couto López en data 17/04/2024, cun orzamento de **79.613,52 €** (65.796,30 € + 13.817,22 € de IVE).

Logo de ver o informe técnico de data 25.04.2024, cuxo contido se transcribe, en estrato:

“...//...”

Con data 17-04-2024 con nre 202499900000734 recíbese proxecto modificado asinado polo enxeñeiro de camiños Pablo Couta López con data 17/04/2024 co obxecto de dar cumprimento aos requirimentos establecidos no informe do servizo de xestión de plans da Deputación da Coruña. Este proxecto cumpre os condicionantes establecidos en todos os informes sectoriais recibido ata a data.

...//...”

### **3 PERMISOS E AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:**

#### **PATRIMONIO**

A edificación está situada dentro do ámbito de protección de elementos catalogados definidos no PXOM, segundo o Catálogo de Bens Culturais do PXOM coa clave A\_071. Consta informe favorable do Servizo de Patrimonio Cultural con condicionantes: limitar o número de pezas de aparcamento aos efectos de minimizar o impacto visual. O proxecto presentado o 11/02/2021 cumpre os condicionantes. O proxecto presentado 17-04-2024 con nre 202499900000734 cumpre os condicionantes.

#### **POL**

Segundo o Plan de Ordenación do Litoral, a parcela localízase en área de mellora ambiental e paisaxística.

A actividade solicitada pode incluírse no epígrafe do art. 46.1.d. O uso resultarían compatible na zona de corredor ecolóxico segundo o art. 55.







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Consta informe favorable do organismo competente en materia de ordenación do territorio e paisaxe: Instituto de Estudos do Territorio. O proxecto presentado 17-04-2024 con nre 202499900000734 cumpre os condicionantes.

### SERVIDUMES AERONÁUTICAS

De conformidade con el artículo 30 del Decreto 584/1972, de 24 de febrero, de servidumbres aeronáuticas, modificado por el Real Decreto 297/2013, de 26 de abril, no se podrá llevar a cabo ninguna construcción, instalación o plantación ubicada en los espacios y zonas afectados por servidumbres aeronáuticas o que pueda constituir obstáculo, entendiéndose como obstáculo todo objeto fijo (ya sea temporal o permanente) o móvil, o partes del mismo que penetre las servidumbres aeronáuticas, o bien supere los 100 metros de altura respecto al nivel del terreno o agua circundante, sin resolución favorable de AESA. Deberase obter resolución favorable de AESA.

...//...

Logo de ver o acordo relativo á delegación de competencias do Pleno na Alcaldía Presidencia, adoptado en sesión ordinaria de 28 de xuño de 2023, cuxo contido se transcribe, estrato:

"...//..."

**QUINTO.-** Delegar no alcalde-presidente do concello o exercicio das seguintes atribucións de entre as que se indican no artigo 22, sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:

...//...

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros

...//..."

Tendo en conta o establecido no artigo 115 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales" (ROF), respecto ao "Régimen general de las delegaciones entre los órganos necesarios": "Si no se dispone otra cosa, el órgano delegante conservará las siguientes facultades en relación con la competencia delegada:

La de recibir información detallada de la gestión de la competencia delegada y de los actos o disposiciones emanados en virtud de la delegación

...//..."

Visto o informe xurídico sobre o procedemento asinado o 26.04.2024.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto modificado nº1, "Aparcamiento en Santiago de Boebre Ponte deume" documento con rexistro de entrada nº 202499900000734 de 17/04/2024, asinado dixitalmente polo enxeñeiro autor do proxecto Paulo Couto López en data 17/04/2024, cun orzamento de **79.613,52 €** (65.796,30 € + 13.817,22 € de IVE).

Esta aprobación queda condicionada ao que se estableza na preceptiva autorización de AESA.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acto administrativo á Deputación Provincial da Coruña, conforme ao contido do requirimento.

**TERCEIRO.-** Dar traslado aos servizo de urbanismo e Intervención municipal debido aos efectos técnicos e económicos implícitos no presente acto administrativo.

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno do Concello e ratificar o contido do da presente resolución na seguinte sesión ordinaria que se celebre, en virtude do establecido no artigo 115 do ROF.

**QUINTO.-** Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

*En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."*

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**

**8.- DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA Nº 251/2024 de 13/05/2024, DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS NO CAMIÑO DE VELIÑO EN CENTROÑA DE DATA 17.04.2024 INCLÚIDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024**

A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

**"PROPOSTA DACIÓN CONTA AO PLENO**

**DAR CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA Nº 251/2024 de 13/05/2024, DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS NO CAMIÑO DE VELIÑO EN CENTROÑA DE DATA 17.04.2024 INCLÚIDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2024"**

**Expediente: 2022/U037/000012**

*Logo de ver o acordo relativo á delegación de competencias do Pleno na Alcaldía Presidencia, adoptado en sesión ordinaria de 28 de xuño de 2023, cuxo contido se transcribe, estrato:*

*"...//...*

**QUINTO.-** Delegar no alcalde-presidente do concello o exercicio das seguintes atribucións de entre as que se indican no artigo 22, sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:

*...//...*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros

...//..."

Tendo en conta o establecido no artigo 115 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales" (ROF), respecto ao "Régimen general de las delegaciones entre los órganos necesarios": "Si no se dispone otra cosa, el órgano delegante conservará las siguientes facultades en relación con la competencia delegada:

La de recibir información detallada de la gestión de la competencia delegada y de los actos o disposiciones emanados en virtud de la delegación

...//..."

Cumprindo cos preceptos anteriores, esta Alcaldía-Presidencia, propón ao Pleno do Concello:

**ÚNICO.-** A toma de razón do Decreto da Alcaldía **251/2024 de 13/05/2024**, cuxo contido se transcribe:

**"Descrición decreto: EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVICIOS NO CAMIÑO DE VELIÑO EN CENTROÑA DE DATA 17.04.2024 INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2024"**

**EXPEDIENTE Nº 2022/U037/000012**

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

O Pleno do Concello de Ponte deume celebrado en sesión ordinaria o **7 de febreiro de 2024**, adoptou o acordo relativo á **"2. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLO) "POS+2024"**, cuxo contido se transcribe, en estrato:

**"PRIMEIRO.-** "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2024" e con cargo á "achega provincial 2023":

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:**

...//...

**B ) Financiamento de investimentos:**

...//...

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Inversións financeiramente sostibles)</b>	<b>FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO</b>
--	--------------------------------------



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total Concello	
APARCAMIENTO EN SANTIAGO DE BOEBRE PONTEDEUME	79.613,52 €				79.613,52 €
PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVICIOS NO CAMIÑO DE VELIÑO EN CENTROÑA	69.758,33 €				69.758,33 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2023</b>	149.371,85€				149.371,85€

“

Tendo en conta o contido do punto 5 das “Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2024 (BOP nº 227 de 28.11.2023):

“...//...”

A documentación administrativa e técnica será revisada por esta deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada. A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude deberá realizarse polo Pleno do concello, mentres que as dos proxectos das obras ou pregos das subministracións realizarase polo Pleno ou por outro órgano competente do concello, de acordo co seu carácter substancial ou non.

...//...”

Á vista do requirimento da Deputación da Coruña, Servizo de Xestión de Plans, de data 10/04/2024, polo que se comunica o informe desfavorable ao proxecto correspondente ao investimento “**Pavimentación e renovación de servizos no camiño de Veliño en Centroña**” Tendo en conta o proxecto modificado “**Pavimentación e renovación de servizos no camiño de Veliño en Centroña**” documento con rexistro de entrada nº 202499900000735 de 17/04/2024, asinado dixitalmente polo enxeñeiro autor do proxecto Paulo Couto López en data 17/04/2024, cun orzamento de **69.758,33 €** (57.651,51 € + 12.106,82 € de IVE).

Logo de ver o informe técnico de data 02/05/2024, cuxo contido se transcribe, en estrato:

“...//...”

Con data 17/04/2024 e nre 202499900000735 recíbese o proxecto “**PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVICIOS NO CAMIÑO DE VELIÑO EN CENTROÑA**” asinado dixitalmente polo Enxeñeiro de Camiños, Pablo Lopez Couto, con prezos actualizados e realizadas as correccións solicitadas no infirme do servizo de plans da Diputación.

...//...”





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 3 PERMISOS E AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:

A actuación está localizada dentro da zona de policía do dominio público hidráulico segundo o RD 849/1986 de 11 de abril e a Lei 9/2010 de 4 de novembro de Augas de Galicia, polo que será necesaria a autorización previa do Organismo Autónomo Augas de Galicia.

Segundo o RDL 1/2001 polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, define no art. 4 o concepto de leito natural como o terreo cuberto polas augas nas máximas crecidas ordinarias. Define no art. 6 a ribeira como as faias laterais dos cauces públicos situadas porriba do nivel de augas baixas e defino como marxes os terreos que lindan cós cauces. marxes están suxeitas a unha zona de servidume de 5 metros de anchura e a unha zona de policía de 100 metros de anchura.

Figura no expediente autorización de Augas de Galicia para a realización das obras (DH.W15.90580), NRE 20230000000716, 11 de maio de 2023.

...//...

Logo de ver o acordo relativo á delegación de competencias do Pleno na Alcaldía Presidencia, adoptado en sesión ordinaria de 28 de xuño de 2023, cuxo contido se transcribe, estrato:

“...//...”

**QUINTO.-** Delegar no alcalde-presidente do concello o exercicio das seguintes atribucións de entre as que se indican no artigo 22, sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:

...//...

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros

....//...”

Tendo en conta o establecido no artigo 115 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales” (ROF), respecto ao “Régimen general de las delegaciones entre los órganos necesarios”: “Si no se dispone otra cosa, el órgano delegante conservará las siguientes facultades en relación con la competencia delegada:

La de recibir información detallada de la gestión de la competencia delegada y de los actos o disposiciones emanados en virtud de la delegación

...//...”

Visto o informe xurídico sobre o procedemento asinado o 07.05.2024.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto modificado “Pavimentación e renovación de servizos no camiño de Veliño en Centroña” documento con rexistro de entrada nº 202499900000735 de 17/04/2024, asinado dixitalmente polo enxeñeiro autor do proxecto Paulo Couto López en data 17/04/2024, cun orzamento de **69.758,33 €** (57.651,51 € + 12.106,82 € de IVE).

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acto administrativo á Deputación Provincial da Coruña, conforme ao contido do requirimento.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**TERCEIRO.-** Dar traslado aos servizo de urbanismo e Intervención municipal debido aos efectos técnicos e económicos implícitos no presente acto administrativo.

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno do Concello e ratificar o contido do da presnte resolución na seguinte sesión ordinaria que se celebre, en virtude do establecido no artigo 115 do ROF.

**QUINTO.-** Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

### 9.- DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DE RESUMEN ANUAL DE CONTROL INTERNO 2023

A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

#### "PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

#### INFORME RESUMEN ANUAL DO CONTROL INTERNO 2023

(Expediente TEdC: 2024/X999/000162

En cumprimento do artigo 37 del RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.-** Dar conta do informe de Intervención municipal de referencia 154/2024, de asunto: "Informe resumen anual del control interno 2023, en cumplimiento del artículo 37 del RD 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local"

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 10.- DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL. 1º TRIMESTRE 2024

A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA**

#### **REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 1º TRIMESTRE DE 2024)**

(Expediente TEdC: 2024/X999/000159)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.-** Dar conta do informe de Intervención de referencia 152/2024, de asunto: “Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda”, correspondente ao 1º Trimestre de 2024.”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

### 11.- ASUNTOS DE URXENCIA

Non se presentaron asuntos de urxencia.

### 12.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DACIÓN DE CONTA**

#### **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DO 22 DE ABRIL DO 2024 AO 24 DE MAIO DE 2024 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25 DE ABRIL DE 2024**

Expediente TEdC: 2024/G006/000095

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **207/2024** de 22 de abril ao **272/2024** de 24 de maio de 2024, ambos os dous incluídos, os seguintes:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente	Asunto	Decreto	Data sinatura
2024/G003/000235	Solicita a renovación por deterioro da tarxeta de discapacidade. MCPA	00207/2024	22-04-2024 10:06
2024/G003/000239	Sesión ordinaria do pleno de día 25 de abril de 2024	00208/2024	22-04-2024 12:59
2024/G003/000236	Expediente sancionador de tráfico AI 99500000031479	00209/2024	22-04-2024 12:59
2024/G003/000241	Delegación alcaldía días 23 ao 27 abril 2024 ambos incluídos	00210/2024	22-04-2024 20:14
2024/G003/000240	Adxudicación do contrato de servizos para a realización dos traballos de dirección de execución na obra "Rehabilitación de edificio para albergue de peregrinos rúa a Tafona nº 30, Ponte deume"	00211/2024	22-04-2024 20:14
2024/G003/000221	Solicitude subvención obradoiro. Artabroemprende v	00212/2024	24-04-2024 10:36
2024/G003/000246	Formación de persoal xornadas de igualdade "Corresponsabilidade e novos usos do tempo"	00213/2024	24-04-2024 12:47
2024/G003/000245	Servizo de conciliación municipal madrugadoras/madrugadores curso 2022/2023	00214/2024	24-04-2024 12:46
2024/G003/000178	Aprobación relación de facturas F/2024/11. Recoñecemento extraxudicial de créditos. Alcaldía.-	00215/2024	24-04-2024 14:31
2024/G003/000182	Aprobación relación de facturas F/2024/13.-	00216/2024	24-04-2024 14:31
2024/G003/000210	Aprobación relación de facturas F/2024/14.-	00217/2024	24-04-2024 14:30
2024/G003/000222	Aprobación relación de facturas F/2024/16.-	00218/2024	24-04-2024 14:30
2024/G003/000223	Aprobación certificación nº 2 e nº 3 da obra -Acceso ao Castro dende DP 6902-. Plan mellora camiños rurais 2023/2024	00219/2024	24-04-2024 14:30
2024/G003/000238	Liquidación de tributos- seguridade social marzo 2024	00220/2024	25-04-2024 18:23
2024/G003/000243	Elaboración de nóminas-incidencias nómina mes abril 2024.	00221/2024	25-04-2024 16:40
2024/G003/000250	Elaboración de nóminas-documentación nómina mes abril 2024.	00222/2024	25-04-2024 16:46
2024/G003/000253	Ordenación pago, relación facturas F/2024/15 rec.extraxudicial de crédito, Pleno 25/04/2024	00223/2024	26-04-2024 15:25
2024/G003/000247	XXXIV concurso de contos vila de Ponte deume. 2024	00224/2024	30-04-2024 11:35







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente	Asunto	Decreto	Data sinatura
2024/G003/000262	Sesión da Xunta de Goberno Local de día 2 de maio de 2024	00225/2024	30-04-2024 15:23
2024/G003/000255	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, mes de febreiro de 2024	00226/2024	02-05-2024 10:28
2024/G003/000251	Solicitude tarxeta de estacionamento	00227/2024	02-05-2024 10:28
2024/G003/000264	Dec. Convov. Pleno extraordinario 14-05-2024. Sorteio mesas eleccións parlamento europeo	00228/2024	03-05-2024 13:44
2024/G003/000266	Modificación de crédito número 6, xeración de crédito 3. Aprox rural.-	00229/2024	03-05-2024 14:44
2024/G003/000265	Expediente sancionador de tráfico Al 9950000031599	00230/2024	03-05-2024 15:11
2024/G003/000234	Tesourería: listado de facturación dos aboados pertencentes ao concello de Ponte deume polos servizos de subministro de auga potable, saneamento e depuración, correspondente ao primeiro trimestre de 2024.	00231/2024	03-05-2024 15:11
2024/G003/000261	Decreto representante concello	00232/2024	03-05-2024 15:11
2024/G003/000269	Solicita duplicado da tarxeta de estacionamento para persoas con dificultades de mobilidade por deterioro	00233/2024	03-05-2024 15:11
2024/G003/000270	Solicitude de renovación da tarxeta de estacionamento por caducidade	00234/2024	03-05-2024 15:11
2024/G003/000272	Comisión Especial de Contas de día 30 de maio de 2024	00235/2024	06-05-2024 11:26
2024/G003/000073	Solicitude de información pública. Cantidade de traballos/encargos realizados polo concello de Ponte deume á empresa Joypa impresión digital dende o ano 2000	00236/2024	06-05-2024 13:41
2024/G003/000254	Expediente sancionador de tráfico Al 9950000031533	00237/2024	06-05-2024 14:50
2024/G003/000252	Aprobación do proxecto (mod 1) Aparcamiento en Santiago de Boebre Ponte deume de data 17.04.2024 incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024"	00238/2024	06-05-2024 14:50
2024/G003/000273	Modificación de crédito número 7. Xeración de crédito 4. Personal oficinas turismo.-	00239/2024	06-05-2024 14:50





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente	Asunto	Decreto	Data sinatura
2024/G003/000256	Proposta de alta no servizo de axuda no fogar de dependencia	00240/2024	09-05-2024 11:57
2024/G003/000071	Tesourería: padrón mercado municipal 1S2024	00241/2024	09-05-2024 12:19
2024/G003/000218	Escolas deportivas municipais inverno 2023-24	00242/2024	10-05-2024 10:40
2024/G003/000281	Nomeamento secretaria accidental por ausencia os días 27 e 28 de maio de 2024.	00243/2024	13-05-2024 11:26
2024/G003/000279	Convocatoria selección persoal-levantamento reparo para a contratación de dous peóns por circunstancias da produción.	00244/2024	13-05-2024 13:06
2024/G003/000280	Modificación de crédito número 8, xeración de crédito 5. Risga.-	00245/2024	13-05-2024 13:06
2024/G003/000258	Aprobación relación de facturas F/2024/17.-	00246/2024	13-05-2024 13:06
2024/G003/000276	Solicitude de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade - 32****29Y	00247/2024	13-05-2024 13:06
2024/G003/000275	Solicitude de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación rueiras/rueiros de verán 2024	00248/2024	13-05-2024 13:06
2024/G003/000274	Solicitude de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación rueiras/rueiros de verán 2024	00249/2024	13-05-2024 13:06
2024/G003/000175	Solicita vao garaxe en avda. Ferrol nº31 para vehículos con un ancho de 2.70 m.	00250/2024	13-05-2024 13:06
2024/G003/000267	Aprobación do proxecto modificado pavimentación e renovación de servizos no Camiño de Veliño - Centroña	00251/2024	13-05-2024 13:06
2024/G003/000206	Aprobación do expediente para a contratación das obras contidas no proxecto "Cantina, almacén e aseos no paseo fluvial de Ponte deume. A Coruña" (POS + 2020)	00252/2024	13-05-2024 13:08
2024/G003/000268	Incoación expediente contratación renovación de tubaxes na rede xeral de abastecemento de auga potable en Nogueirosa marxe esquerda da estrada AC-144 (P.K. 2+261 a P.K. 2+421) POS + 2023	00253/2024	14-05-2024 09:25
2024/G003/000282	Modificación de crédito número 9. Transferencia de crédito 3. Varias áreas de gasto. Alcaldía.-	00254/2024	14-05-2024 09:25
2024/G003/000277	Expediente sancionador de trafico AI	00255/2024	14-05-2024





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente	Asunto	Decreto	Data sinatura
	99500000031679		16:51
2024/G003/000284	Liquidación de tributos-modelo 111 IRPF abril 2024	00256/2024	14-05-2024 16:51
2024/G003/000294	Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de día 16 de maio de 2024	00257/2024	15-05-2024 13:08
2024/G003/000298	Convocatoria selección persoal-contratación dous peóns por circunstancias da produción.	00258/2024	16-05-2024 13:32
2024/G003/000263	Liquidación de taxa consorcio contraincendios e salvamento da Coruña corte e retirada de árbore da via e limpeza de restos lg. Os Loureiros, parroquia Nogueirosa	00259/2024	16-05-2024 14:44
2024/G003/000301	Inscripcións talleres culturais curso 2023/2024	00260/2024	20-05-2024 10:52
2024/G003/000299	Expediente sancionador de trafico DR 99500000031632	00261/2024	21-05-2024 13:51
2024/G003/000300	Expediente sancionador de trafico AI 99500000031751	00262/2024	21-05-2024 13:51
2024/G003/000302	Aprol rural 2024	00263/2024	21-05-2024 13:51
2024/G003/000304	Modificación datos terceiro operación contable RD - padrón 1º semestre 2023 posto nº 12 mercado municipal	00264/2024	22-05-2024 11:28
2024/G003/000259	Liquidación taxa publicación anuncios BOP	00265/2024	22-05-2024 14:38
2024/G003/000307	Sesión ordinaria da Comisión informativa de Asuntos Xerais do Pleno de día 27 de maio de 2024	00266/2024	22-05-2024 14:37
2024/G003/000309	Sesión ordinaria da Comisión informativa de Asuntos Económicos de día 27-05-2024	00267/2024	22-05-2024 14:37
2024/G003/000308	Aprol rural 2024	00268/2024	22-05-2024 14:47
2024/G003/000305	Convocatoria selección persoal-contratación dous peóns por circunstancias da produción.	00269/2024	23-05-2024 10:05
2024/G003/000311	Convocatoria selección persoal-contratación dous peóns por circunstancias da produción.	00270/2024	23-05-2024 10:45
2024/G003/000296	Aprobación relación facturas F/2024/19. Recoñecemento extraxudicial de créditos. Alcaldía.-	00271/2024	24-05-2024 10:53
2024/G003/000295	Aprobación relación de facturas F/2024/18.-	00272/2024	24-05-2024 10:53





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**

### 13.- MOCIÓNS URXENTES

A secretaria indica que se presentaron as seguintes mocións pola vía de urxencia para o pleno:

- Moción do BNG para informar a veciñanza das obras na Ponte de Pedra e das posibles consecuencias na vida cotiá nos próximos anos

Sométese a votación á urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes.

#### 13.1.- MOCIÓN DO BNG PARA INFORMAR A VECIÑANZA DAS OBRAS NA PONTE DE PEDRA E DAS POSIBLES CONSECUENCIAS NA VIDA COTIÁ NOS PRÓXIMOS ANOS

Toma a palabra o concelleiro portavoz do partido municipal do BNG, don Luis Pena Mosquera, que pide desculpas por non rexistra antes a moción, e da lectura á moción presentada.

##### **"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*O proxecto de reparación da Ponte de Pedra que une Pontedeume e Cabanas, na estrada N-651 na desembocadura do río Eume, coa intención de realizar o reforzo das cimentacións así como a ampliación e a mellora da sección transversal xunto coa rehabilitación dos paramentos de fábrica está levándose acabo segundo o proxecto da dirección Xeneral de Estradas da demarcación de estradas do Estado en Galiza.*

*O proxecto que data a súa redacción en decembro do 2022 ten un orzamento base de licitación de 7.926.710,62 €.*

*Estas obras na Ponte son unha preocupación importante para a cidadanía xa que terán unha gran influencia no día a día de moitas veciñas nos próximos anos. A información sobre a propia obra e as súas consecuencias no tráfico é esencialmente nula para maior parte das nosas veciñas e veciños. Unha estrada pola que transitan, segundo a información do propio proxecto, unha medida de 17.000 vehículos ao ida, sendo este valor un valor medio, polo que seguramente os seus valores máximos (en verán...) serán moito máis elevados.*

*Dende o BNG cremos que é imprescindible manter informada á poboación polo que consideramos imprescindible convocar unha/s palestra/s aberta onde as redactoras do proxecto da obra civil e as técnicas da empresa construtora expliquen pormenorizadamente o desenvolvemento das obras, as solución final elixida e resolvan as dúbidas plantexadas pola poboación.*

*A información aportada debería resolver as dúbidas sobre:*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*espazos públicos ocupados pola obra (para acopios, depósito de materiais, instalacións auxiliares de obra, silos, gasoil,...),*

*influencia das obras nos bancos marisqueiros tanto a pe como a flote,*

*se as características estéticas, construtivas e materiais finais serán acordes coa contorna para favorecer a súa perfecta integración*

*aclarar se as intervencións na fábrica estarán supervisada por persoal técnico experto en restauración do patrimonio cultural,*

*informar sobre os tipos de corte de tráfico (un carril, dous carrís) e horarios e datas de realizacións,*

*valorar a influencia dos cortes de tráfico nos tempos dos desprazamentos das veciñanza,*

*se no caso de que haxa cortes totais do tráfico rodado en horario nocturno (posibilidade recollida no proxecto para a nova impermeabilización e pavimento da calzada), como se define horario nocturno.*

*itinerarios alternativos pola AP-9, aumento dos tempos das viaxes máis habituais*

*gratuidade dos itinerarios alternativos pola AP-9*

*grado de conxestión nos cortes de tráfico, especialmente nos horarios de máis afluencia como na entrada/saída dos centros educativos.*

*Información enviada dende o concello de Ponte deume á solicitude cursada polo UTE GESTION TÉCNICA PUENTES (Ines-Geocisa) o 20/11/2019*

*a preservación de elementos históricos como o marco nº25 da escaleira da Ponte, documentada nos deslindes do século XIX (información aportada pola Asociación Ardóbriga)*

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno do Concello de Ponte deume esta moción, propondo a adopción dos seguintes*

### **ACORDOS:**

- 1. Instamos ao goberno local a organizar unha (ou varias) palestras para informar á veciñanza sobre o proxecto e o desenvolvemento das obras da Ponte de Pedra.*
- 2. Solicitar ao concello que convoque as redactoras do proxecto da obra civil e as técnicas da empresa construtora a explicar pormenorizadamente o desenvolvemento das obras, as solución final elixida e resolvan as dúbidas plantexadas pola poboación"*

A Presidencia abre a quenda para o debate.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro portavoz do PP**, para indicar que o seu voto vai ser a abstención, xa que pide na moción cousas ao concello que non son da súa responsabilidade.

Responde o **Sr. Pena**, que é responsabilidade do Goberno intentar informar á poboación o que vai a suceder cas obras ao igual que non lle custa nada informar de actividades deportivas; di que se trata dunha obra moi importante que non executa o Concello, pero cree que organizar unhas palestras entra dentro da obriga do Concello dada a magnitude da obra.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do partido municipal do PSdG-PSOE** para lembrar que xa hai máis dun ano que se aprobou o proxecto para a obra da Ponte da Pedra por parte do Ministerio de Transporte e Movilidade, que se presentou nun acto público o 22.03.2023 nun acto público coa presenza do corporación municipal dos dous concellos afectados, que non contou coa presenza dos concelleiros do BNG; e dende ese días son moitas as explicacións que se teñen dado en medios de comunicación, prensa, radio, redes sociais e canais de difusión do concello, a última "*esta mesma semana*" con entrevistas na radio e na televisión de Ferrol co Sr. Alcalde Bernardo Fernández, onde se deron as explicacións oportunas de como se executará a obra, do mesmo xeito que o pode comprobar calquera cidadán da comarca con acceso a internet, televisión ou radio. Continúa dicindo que unha asemblea informativa como a plantexada polo BNG tería unha efectividade informativa practicamente nula e tendo en conta que entre poboación de Ponte deume e contorna afectada serían case 20.000 persoas que non sabe onde se poderían meter; e que ademais xa están informadas a través de todos os medios de comunicación existente e por experiencia propia a capacidade de convocatoria que na actualidade teñen as asembleas; e pon por exemplo que nunha reunión da área de comercio de xeito presencial eran 4 persoas e noutra de xeito telemático na que eran 20 persoas.

Continúa a **Sra. Bellón**, a preguntarse cal é o interese do grupo municipal do BNG para realizar unha asemblea a que podería acudir o 1% dos afectados cando toda a información existente xa está a disposición en todas as canles de difusión, que se se trata dunha asemblea para aportar ideas ou opinións a este proxecto pero este xa está redactado, as alegacións feitas no seu día por parte dos dous concellos afectados.

Indica a **Sra. Bellón** que no pasado mes de febreiro 2024 ambos concellos solicitaron ao Ministerio que a obra se desenvolvese maioritariamente de noite para non afectar ao normal desenvolvemento do tráfico diario, do que se informou a cidadanía e difundiu en todos os medios de comunicación. Continúa dicindo que toda a información sobre o proxecto está no portal do Ministerio de Transportes ou solicítala directamente no Concello, e que sempre que haxa algunha novo ao respecto da obra será trasladada á cidadanía.

Preguntase a **Sra. Bellón** porque o BNG non se plantexou facer unha asemblea pública para consultarlle a veciñanza de Ponte deume se estaban a favor de retirar ou non a gasoleneira que está no casco urbano antes de levala ao Parlamento; proposta que afectaría gravemente a todos os mariscadores e propietarios de embarcacións de recreo que terían que desprazarse ata Campolongo ou Vilar de Colo para repostar. Di que o BNG fixo isto sen consultar nin sequera ás familias que dependen desta instalación e que se verían abocados ao despido por cese de actividade; e di que está a aplicar a lei do funil, un nivel de exixencia cara os demais que non se aplican a si mesmos; porque unha obra si e outra non, e di se será que a Ponte da





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Pedra é máis aproveitable para sacar rédito político, inxectando desconfianza e medo na comarca co prexuízo que iso ten para a vila de Ponte deume.

Continúa a **Sra. Bellón** dicindo que a obra da Ponte da Pedra é unha obra de vital importancia, tal como foi no seu día a obra da Ponte da Pías, obra da que non poden renegar porque a outra alternativa é o derrube da Ponte; e di que o BNG prefire xogar a carta da sospeita e a manipulación e do escurantismo, cando neste tema "*non hai trampa nin cartón*"; que é unha obra licitada polo ministerio con todos os informes favorable e o Concello deu, da e dará sempre toda a información dispoñible.

Toma a palabra **don Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do Grupo Municipal do BNG**, para indicar que xa a moción deixa claro que non é unha obra de responsabilidade do Concello, pero este sería o "*mediador*" entre o Ministerio e a empresa adxudicataria para poder pedir facer un acto ou palestra pública para informar deste tema porque a xente da rúa está preocupada e que non se pode xustificar na baixa asistencia a este actos o non organizalos. Continúa dicindo que comparar esta moción coa proposta que o BNG levou ao Parlamento Galego sobre a xestión dos terreos de Portos non ten nada que ver, xa que nesta proposta se pide que Portos diga o que vai facer con esas concesión nos seus terreos, e tamén se pide que salga a debate público que facer cos terreos da fachada marítima, polo que tamén se podería organizar unha palestra pública sobre este tema.

Continúa dicindo o **Sr. Curbeira** que consideran que o Concello é o responsable de poder ser organizador dalgunha actividade que dea tranquilidade a veciñanza, ao comercio e a hostelería; que nas tres semanas que duraron as catas o caos foi grande, e só se pide un pouco máis de información á empresa contratista e ao Ministerio; e indica que o BNG tamén presentou no Congreso dos Deputados propostas en relación a este tema; e reitera que non queren responsabilizar ao equipo de goberno.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do BNG**, para preguntar cal é o problema en que se avise ao xefe de obra e ao redactor do proxecto para que contem como se van desenrolar as obras, se non pode ser presencial, hoxe en día pode ser en "*streaming*"; que os acusan de escurantismo pero di textualmente "*será o seu escurantismo*", e preguntase en que lles afecta politicamente esta moción.

Responde **dona Alejandra Bellón Tenreiro do PSdG-PSOE** para indicar que cando falan de escurantismo do que falan é de que o grupo do BNG está a plantexar que non se está a dar a información necesaria e reitera que se esta dando está información e que toda a información nova que veña será trasladada a veciñanza.

Pregunta **don Aaron Curbeira Martínez concelleiro do BNG**, de cantas publicación hai ao respecto, porque el ten coñecemento de tres, dúas en facebook e a última na entrevista que acaba de nomear do Sr. Alcalde; e reitera que non é unha moción para atacar a ningún, so se está a pedir realizar outro tipo de actos para completar a información e poder resolver dúbidas.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro do BNG**, que o único que se trata é de facer esta palestra para resolver dúbidas, e quere que conste en acta que o BNG está a favor da obra e da información que se de canta máis mellor; e que non é a misión do goberno contestar as dúbidas que ten a veciñanza, e non entende porque o grupo de goberno se sinte atacado pola moción. Indica que pola súa parte non ten máis que dicir ao respecto.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, para preguntar se é certo que houbo unha reunión entre os Concellos de Ponte deume e Cabanas co dirección da empresa adjudicataria para que os traballos se desenvolvesen en horario nocturno, e se hai un firme compromiso por parte do Ministerio e a empresa adjudicataria, xa que lle chegaron información sobre que traballar de noite e inviable porque non había traballadores para elo.

Responde a **Sra. Bellón**, que si se pediu, pero que hai traballos que non poden ser en horario nocturno e outros non.

Toma a palabra **don Daniel Ríos Fernández, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE**, para dicir que non é problema de que haxa traballadores senón da execución da obra, que non todos os traballos poden ser de noite.

Pregunta **don Aaron Curbeira Martínez concelleiro do BNG**, que á vista do proxecto e por execución da obra vai haber momentos en que ambos carrís teñan que estar cortados, e pregunta se se falou de algunha outra alternativa como unha saída provisional da autoestrada.

Responde o **Sr. Fernández** que o Sr. Alcalde estivo co Secretario de Infraestructuras en Madrid e están a espera de que lles concreten algo máis; di que as obras xa se saben como son e os problemas que dan, pero que toda a información da que dispoñan se irá trasladando a veciñanza; e agora mesmo ata setembro non se vai producir ningún novo corte dos carrís do ponte.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, portavoz do grupo municipal do PP** para aclarar que eles non estaban no acto de presentación do proxecto porque non foron invitados, que se invitou aos grupos de goberno, non a toda a corporación municipal.

Interrompe o **Sr. Pena concelleiro do BNG** para dicir que os acusaron de non ir cando non estaban invitado.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** que a moción é un pouco utópica porque non se poden crear palestras para informar a poboación sobre todas as obras.

Continúan debatendo sobre a a dificultade ou non de celebrar esas palestras e ao final o Sr. Presidente conclúe o debate.

Sen máis intervención, sométese a votación a moción, quedando **REXEITADA, POR MAIORÍA DE 10 VOTOS EN CONTRA**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE(8), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; **2 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2) D Luis Pena Mosquera e D. Aaron Curbeira Martínez; e **2 ABSTENCIÓNS** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro.







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

#### 10.1.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG.

Transcribense as preguntas formuladas polo grupo municipal do BNG para o pleno de maio de 2023 así como as respostas do goberno municipal

**Pregunta 1. ORA.** Sobre a xestión da zona azul en Ponte deume cal é a recadación media mensual dende a súa instalacións ? Cal é o número medio de sancións por incumprimento do pago e cantas destas sancións foron cobradas ??

**Resposta do Goberno.-** Parece mentira que a estas alturas non saiban vostedes que a zona azul é gratuíta e, polo tanto, o Concello non recada nada por ese concepto.

Polo momento non se atopa estabilizado o seu funcionamento por diferentes razóns. Este formato de estacionamento é novo no pobo polo que non se estableceu un control completo ata hai poucas semanas. Inicialmente, fíxose inspección destas zonas con menos intensidade do que se pretende para futuro.

Os equipos informáticos de expedición de tickets están a dar problemas no seu funcionamento.

En tanto non se liquidan, controla menos a colocación de distintivos nos parabrisas. Se se pode informar que o grao de cumprimento xeral é correcto, especialmente na zona de Praza do Conde.. Os días que se controla o estacionamento en zona azul obsérvanse menos infraccións que no estacionamento do Pescador, en lineas xerais.

Non resulta posible facer unha estimación do cantas denuncias póñense en cada lugar, algúns días son unha ou dous e algúns outros son ata oito, que probablemente sexa o número máximo posto nun día. Significar que non é usual atopar tantas infraccións

**Pregunta 2. PRAIAS.** Con motivo da entrada en vigor do Decreto 175/2022, do 13 de outubro, a Xunta fixo público o Rexistro de Augas de Baño de Galicia, no que se inclúen a sección I (augas de baño incluídas no Censo de zonas de augas de baño), a sección II (augas de baño en avaliación) ou a sección III (augas con prohibición permanente do baño). Para as praias de Ver e de Centroña establécese unha PROHIBICIÓN PERMANENTE DO BAÑO. A praia de Sopazos ten unha clasificación sanitaria INSUFICIENTE (por presenza de Enterococo e Escherichia coli) con RECOMENDACIÓN DE NON BAÑARSE. Como vai o Concello alertar á poboación para evitar un problema de saúde pública ? E que medidas tomará o concello para reverter esta situación ?

**Resposta do Goberno.-** Amosan unha vez máis, como na pregunta anterior, o seu descoñecemento sobre as xestións que se realizan por parte deste Concello.

Compre lembrarilles que na praia de Ver estase a realizar unha actuación de renovación de toda a rede de saneamento e de construción dun bombeo para eliminar as verteduras que dende hai máis de 50 anos prodúcense na praia.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Esa obra está moi avanzada e conta cun investimento que ronda o millón de euros; restando tan só a realización da última conexión dos apartamentos da parte baixa da urbanización así como a cometida eléctrica.

No Castro de Centroña hai xa varios meses que por parte do Concello se levaron a cabo unhas obras financiadas con cargo ao plan único da Deputación consistentes na mellora e renovación do bombeo que se atopa nas inmediacións do Areal.

No que se refire á praia de Sopazos, remataron recentemente as obras de renovación da rede de saneamento de toda a fachada marítima de Ponte deume, cun investimento de 4'2 millóns de euros.

Así mesmo, dende o Goberno local, realizamos ao longo dos últimos meses, distintas análíticas sobre a calidade das augas das praias de Ver e Centroña, sendo estas aptas para o baño; polo que unha vez rematen as obras do bombeo de Ver, solicitarase á Consellería a inclusión destas dúas praias novamente no listado de zonas de baño.

No tocante á praia de Sopazos, compre aclarar que unha vez vimos esa publicación á que vostedes fan referencia, e tendo en conta que as obras realizadas na fachada marítima de Ponte deume están deseñadas para rematar cos vertidos no Estuario do Eume, puxémonos en contacto inmediatamente con Sanidade para solicitarlle información ao respecto, xa que era materialmente imposible que esa praia estivera a sufrir un episodio de contaminación relacionado coa nosa rede de saneamento.

O que se nos trasladou dende a Consellería de Sanidade é que esa clasificación obedecía á media das clasificacións obtidas ao longo dos últimos 4 anos, sendo a última analítica realizada nesa praia o día 25 de setembro de 2023 e arroxando como resultado unha calidade das augas apta.

Polo que trasladamos á responsable de Sanidade a nosa sorpresa ante tal publicación e sobre todo ante o protocolo establecido pola Xunta de Galicia, posto que non ten ningún sentido facer unha publicación destas características 8 meses despois da última analítica.

Así mesmo informamos a esa responsable das obras realizadas na fachada marítima de Ponte deume. Actuación que sorprendentemente afirmou descoñecer.

Por ese motivo emprazounos a presentar un escrito aportando esa información, para que de cara ao ano que ven, poda modificarse a clasificación sobre a calidade das augas.

Posto que este ano xa non é posible modificar esta clasificación en base ao protocolo mencionado anteriormente.

A día de hoxe os únicos puntos de vertidos existentes no Estuario do Eume corresponden ao concello veciño de Cabanas, tal e como se nos trasladou por tantos distintos técnicos.

A maior abundamento, por parte do Goberno local, adoptouse a decisión de publicar os resultados das análíticas realizadas polo Concello nos distintos paneis informativos das nosas praias.

**Pregunta 3. ESTACIÓN FERROCARRIL. ESTACIÓN DO TREN DE PONTEDEUME.** En outubro, 2021 dicían vostedes respecto da estación de tren que o concello ía “empregar parte do seu orzamento no arranxo e habilitación de ditas instalacións cedidas en uso ao Concello de





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Ponte deume" por ADIF. En novembro do 2022 anunciaban que xa tiñan case preparado un orzamento actualizado (debido ao incremento dos prezos pola guerra de Uraína). Cal é o proxecto que ten a Alcaldía e cal é o orzamento ? Cal é o prezo para o uso desta instalación que o Concello abona a ADIF ?

**Resposta do Goberno.**-Esa xestión quedou paralizada ante a imposibilidade de que o Concello puidera asumir unha inversión ao tempo que pagaba unha cantidade simbólica por uso do edificio xa que, de ser así, enténdese que nunca sería amortizada a inversión realizada, algo obrigado por ley.

Por ese motivo houbo varias reunións cos responsables do Ministerio de Transporte, a último o pasado xoves en Madrid, para ante esta situación, atopar algunha alternativa legal de cara ao uso dese inmovible sen a necesidade de realizar inversión algunha por parte do Concello.

Nesa conversa mantida co Secretario de Estado de Infraestruturas, tivemos o compromiso do Ministerio para atopar esa solución técnica.

Así mesmo xa que preguntan pola estación do ferrocarril, comprácenos informarles que nesa reunión tratouse tamén a situación na que se atopa ese edificio e as súas inmediatezas, obtendo tamén o compromiso por parte do Ministerio, de eliminar os numerosos graffitis froito dos actos vandálicos, mellorar o aspecto da zona e proceder a continuación a instalación de cámaras de vixilancia.

Según se nos confirmou, os mencionados traballos xa están en proceso de licitación.

**Pregunta 4. PASO SOBRE-ELEVADO.** Pedimos que se instalara un paso de peóns sobre-elevado na Alameda. Para cando estará instalado ? Dixéronnos en xuño do 2019 que xa estaba en trámite pero que faltaba un informe de autorización

**Resposta do Goberno.**-Dende que lles dimos esa resposta, o Concello de Ponte deume, xunto cos de Valdovíño e Betanzos, tramitou con axuda da Deputación da Coruña, unha subvención de fondos europeos para o arranxo de toda a Avda. de Raxoi.

Tras a redacción do proxecto de execución, estanse a tramitar as autorizacións coa Dirección Xeral de Patrimonio, polo que como e lóxico, en base ao establecido nese proxecto, realizarase unha actuación de mellora integral desa zona incluíndo elementos de seguridade para os peóns

**Pregunta 5. PISTA 3X3\_PADEL.** Anunciaron vostedes o pasado mes de marzo que "O Concello de Ponte deume realizará nas vindeiras semanas unha serie de actuacións na pista de padel e na pista de baloncesto 3x3..." Desde este anuncio pasaron xa máis de 9 semanas ¿Cando se van producir estas actuacións? ¿En que consistirán? ¿Cal será o custo destas?

**Resposta do Goberno.**-Como ben se informou na Comisión Informativa do pasado luns, neste pleno de maio aprobarase unha partida destinada a instalacións deportivas na que se atopa, como xa avanzamos anteriormente, a mellora da pista de padel e de baloncesto 3x3.

Ditas actuacións terán lugar ao longo dos vindeiros meses, xa que previamente hay un prazo de exposición pública e posteriormente realizarase a contratación dos traballos.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Ditas intervencións consistirán, no caso da pista de pádel, na reparación da lona do peche perimetral, así como a substitución dunha das partes desta por un elemento fixo que mellore a exposición ao vento nunha das esquinas da instalación.

Na pista de baloncesto 3x3, os traballos consistirán na substitución do pavimento. Unha parte do custo desta intervención irá con cargo ao aval retido polos servizos técnicos municipais á empresa adjudicataria naquel momento e o outro irá con cargo ao remanente de Tesourería que imos aprobar neste mesmo Pleno.

### 9.2.- ROGOS FORMULADOS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG

O partido municipal do BNG non presentou rogos para o pleno do mes de maio

### 9.3.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP

Transcribense as preguntas presentadas polo grupo municipal do PP para o Pleno do mes de maio, coas respostas do Goberno Municipal

**Pregunta 1.-**¿Qué plazo se baraja para la ejecución del aparcamiento del Empedrado?

**Resposta do Goberno.-** No modificativo de crédito con cargo ao remanente que se vai aprobar neste mesmo Pleno, habilitarase a partida para a construción dese aparcadoiro.

Polo que despois da obrigada exposición pública dese expediente, procederase á contratación dos traballos

**Pregunta 2.-**En la carretera de Los Loureiros se estuvieron haciendo unas obras . ¿Qué se modificó para que ahora las cunetas no recojan el agua y pase toda para la carretera con toda la tierra?

**Resposta do Goberno.-** Eses feitos orixinados na estrada Provincial xa se lle deu traslado ao ente provincial para a súa subsanación.

**Pregunta 3.-** Las viviendas Boa Vista están habitadas mayormente por gente mayor... No hace muchos años se miró para poder hacer una rampla para que tuvieran un acceso mejor sin tantas escaleras pero Aguas de Galicia no lo permitió...

Muchos de ellos piden que por lo menos en un lateral de las escaleras se cimente y así hacer una pequeña rampa para ser accesible con un carrito de la compra ,una silla de un niño. , e incluso para poder las camillas y sillas que utilizan las ambulancias que llevan y traen a los vecinos.

¿Qué posibilidades habría para poder llevar a cabo esta propuesta y dar a muchos de ellos esa mejora?

**Resposta do Goberno.-** Fíxose unha intervención de emerxencia por un caso moi concreto e delicado que afectaba a unha nena con problemas de mobilidade e ante a imposibilidade que tiñan os seus pais para subila a súa vivenda.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Polo que máis alá desta intervención concreta e urxente, que entendemos que vostedes comprenden por motivos obvios, estase a traballar tal e como dixemos na búsqueda dunha solución xeral e definitiva para toda a urbanización

**Pregunta 4.-** ¿A cuánto asciende la factura del consumo eléctrico del Mercado Municipal desde su apertura en enero de 2021 hasta el día de hoy o en su defecto hasta la última factura pagada?

**Resposta do Goberno.-** Os datos do consumo eléctrico do mercado dende 2021 é de 84.363,51 euros

### 9.4.- ROGOS FORMULADOS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP

O grupo municipal do PP presenta os seguintes rogos para o pleno do mes de maio

\*Modifiquen la altura del espejo que hay en la calle de la guardería para que no sea manipulable por la gente.

\*Desbrocen y limpien los sumideros de la calle Eduardo Pondal y exijan la desratización y limpieza de la finca que hay subiendo a la derecha ya que salen ratas de dicha finca



\* Limpien el muro de la Iglesia de las Virtudes

### REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente en funcións, levanta a sesión, sendo as trece horas e catro minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 27.06.2024 segundo o borrador asinado o día 24.06.2024. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/09/2024 09:55:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/09/2024 10:10:00)

Versión imprimible

CVD: hsgbi2b2NOEE2u64Zw9p  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

